

I CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL 2011

O Concello do Grove, por medio da Concellería de Comercio e Mercado, organiza o I Concurso de Escaparates de Nadal.

BASES I CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL

As bases para a participación no concurso son as seguintes:

DATAS DE EXPOSICIÓN:

As datas de exposición serán as comprendidas entre o 3 de decembro de 2011 e o 6 de xaneiro de 2012 (ambos incluídos).

TEMA:

O tema deberá estar relacionado co Nadal e sempre combinándoo cos produtos propios do establecemento, valorando ademais os seguintes aspectos:

- modernidade e innovación
- orixinalidade
- iluminación
- exposición do propio produto

INSCRICIÓNS:

Poderán concursar todos os establecementos comerciais do concello do Grove, sexa cal sexa a súa actividade, a inscrición é gratuíta.

Os concursantes poderán inscribirse desde o 21 de novembro ata o 2 de decembro de 2011, cubrindo a correspondente ficha de inscrición, presentándoa no Rexistro do Concello.

DESENVOLVEMENTO:

Os establecementos participantes deberán situar, nun sitio visible desde o exterior, o cartel acreditativo de participación neste concurso, o cal lles será subministrado polo Concello. Durante os días de desenvolvemento, os escaparates deberán estar iluminados como mínimo ata a hora de peche.

VALORACIÓN DO XURADO:

Os escaparates deberán estar preparados ás 19.00 horas do sábado día 3 de decembro, de non ser así, o establecemento quedaría eliminado do concurso automaticamente. O xurado poderá pasar a facer a valoración do escaparate en calquera data de realización do concurso.

XURADO:

O xurado estará composto por membros do goberno do Concello do Grove, e por comerciantes da localidade que non se presenten a este concurso.

PREMIOS:

Haberá un total de tres premios, os cales serán uns lotes de produtos navideños.

RESULTADO:

O ditame do xurado, que será inapelable, darase a coñecer o día 20 de decembro de 2011, asegurándolle a publicidade adecuada, entregándose os premios o día 23 de decembro de 2011 na forma que máis adiante se determine.

A participación neste concurso supón a aceptación total das presentes bases, así como as decisións do xurado, podendo quedar excluído todo aquel participante que non as cumpra.